



24 FEIRA DO LIBRO DE FERROL

Festa da lectura, do libro e da palabra 2013

Programa de actividades

Ferrol, abril 2013

Día 19. Venres

10.00 **Actividades infantís para os colexios: Obradoiros de chapas e cadernos** a cargo do profesorado, monitores e alumnado do Centro Ocupacional ASPANEPS. Actividade dirixida ao alumnado de 5º e 6º de E.P., por grupos con reserva. (De 10 a 11.30 primeiro grupo e de 12 a 13.30, segundo grupo).

18.00 **As dúbidas dos animais**. Espectáculo de contos para nenos realizado por Fátima.

19.00 Inauguración oficial da 24 Feira do Libro de Ferrol e da Festa da Lectura, do Libro e da Palabra 2013, coa actuación do **Real Coro Toxos e Froles de Ferrol**, e a intervención de representantes institucionais.

19.30 Dentro dos actos inaugurais, actuación de Celso Fernández Sanmartín, contador de historias tradicionais con gran sentido de humor, cos seus relatos **Bicoca de boca en boca**

20.00 Presentación do libro e audiovisual **Un chapeu negro e un nariz de paiaso**. *Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*, con textos de Montse Penas Presas e imaxes e son de Gonzalo Enríquez Veloso.

Día 20. Sábado.

12.00 **Actividades infantís. Obradoiros de chapas e cadernos** a cargo do profesorado, monitores e alumnado do Centro Ocupacional ASPANEPS. Actividade aberta para nenas e nenos de 8 anos en adiante. Ás 13.30 remata a actividade.

12.00 Presentación da **Biblioteca da Sociedade Galega de Historia Natural**, a cargo de Paulino Gasalla, secretario xeral da SGHN.

- 12.30 Presentación do libro **Enredando nos antropónimos**, de Xulia Marqués, con ilustracións de Sandra García Gutiérrez, editado por Ediciones Galebook.
- 18.00 A compañía **Maquinarias Teatro** representará a obra de teatro **Touporroutou**, adaptación da peza de teatro infantil de Roberto Vidal Bolaño.
- 19.30 Presentación do libro **Zona 23**, da escritora ferrolá Irene Castelos Cortizas, publicado por Gadisa 23.
- 20.00 **Asociación de persoas xordas de Ferrol** na Feira do libro: **contacontos e presentación de libros**.

Día 21. Domingo

- 12.00 Presentación libro de teatro infantil **O misterio da escada interior**, de Adela Figueroa Panisse, con ilustracións de Celsa Sánchez Vázquez, editado por Edicións do Castro. Participarán no acto as autoras.
- 13.00 **Concerto da Banda Municipal de Música de Ferrol**, dirixida por Narciso Pillo.
- 18.00 A maxia na feira do libro, da man do **Mago Toño**, co seu sorprendente espectáculo **Gravidade cero**.
- 19.30 O escritor Xesús Bermúdez Tellado presenta o seu poemario **Viaxe sen cancelas** publicado pola editorial Redelibros. Ao remate do acto, o autor dos libros asinará exemplares dos mesmos na caseta da Librería Cartabón.

Día 22. Luns

- 10.00 **Actividades infantís para os colexios: Obradoiros de chapas e cadernos** a cargo do profesorado, monitores e alumnado do Centro Ocupacional ASPANEPS. Actividade dirixida ao alumnado de 5º e 6º de E.P., por grupos con reserva. (De 10 a 11.30 primeiro grupo e de 12 a 13.30, segundo grupo).
- 18.15 **Actuación musical** dos alumnos e profesores do **Conservatorio Xan Viaño de Ferrol**
- 19.00 **Contos para quitar os medos**. Contacontos a cargo de Paula Carballeira
- 20.00 Charla coloquio arredor do libro **Castelao na Unión Soviética en 1938**, de Xesús Alonso Montero, publicado por Edicións Xerais de Galicia, coa participación de Manuel Bragado, director xeral da editorial e o autor.

Día 23. Martes. Día Internacional do Libro

- 10.00 Obradoiros de chapas e cadernos: Activiades realizadas por grupos (de 10 a 11.30 e de 12 a 13.30) a cargo do profesorado, monitores e alumnado do Centro Ocupacional ASPANEPS, dirixidas ao alumnado dos IES participantes no marco do proxecto **Gústame o galego** promovido por Normalización Lingüística do Concello de Ferrol.
- 10.00 **Photocall** e entrega de premios ao alumnado gañador do Concurso de Lemas no marco do proxecto **Gústame o galego**, promovido por Normalización Lingüística do Concello de Ferrol. A actividade remata ás 14.00 horas.

17.00 A compañía *Maquinarias Teatro* porá en escena a obra **Principiño**, representación de fragmentos adaptados do libro **O principiño**, de Saint Exupéry.

18.15 **Actuación musical** do alumnado e profesorado do **Conservatorio Xan Viaño de Ferrol**

19.00 Presentación do libro **Trastarabás. Enciclopedia dos brinquedos tradicionais**, do escritor ferrolán Antón Cortizas, con ilustracións de David Sierra Martínez, publicada por Edicións Xerais de Galicia.

20.00 Charla coloquio arredor do libro **Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro**, de Ramón Nicolás, publicado por Edicións Xerais de Galicia

PARTICIPANTES

Espacio Lector Nobel. Burela

Librería Cartabón. Vigo

Central LibreRa (Rúa Dolores). Ferrol.

A Serpe Edicións Bibliofilia

Metropoliscómics. Ferrol

Librería Cortizas. Ferrol

Caseta Outlet

Caseta Biblioteca Infantil

Punto de Encontro e Información

INSTALACIÓNS

Praza da Constitución

ORGANIZA

Federación de Libreiros de Galicia

Concello de Ferrol

COLABORACIÓN

Xunta de Galicia

Deputación Provincial da Coruña